



ESTATUTOS DE CONVERXENCIA 21

Título Preliminar.

CONVERXENCIA 21 é un instrumento ao servizo do individuo como ser autónomo e con dereito a vivir nunha sociedade libre, respectuosa, xusta e próspera, tamén unha ferramenta ao servizo da democracia participativa e líquida, da gobernanza, ca participación da sociedade civil e da cidadanía en xeral, e que ten como obxecto abrir camiño as persoas.

C21 está ao servizo de Galicia e de tódalas persoas que queren traballar na construción dun proxecto político adaptado e pensado para as necesidades e ambicións do noso País, que teñen fe no seu futuro e que confían nas súas posibilidades. Neste aspecto, Convergencia 21 aspira a ser o punto de encontro das persoas que teñan ilusión por construír unha Galicia mellor dende un pensamento autónomo e dende a autoestima nas nosas capacidades. C21 tamén aspira a ser o punto de encontro onde converxan os cidadáns que queiran construír unha Galicia mais democrática e participativa, e que desexen facelo desde a integración e afondar no desenvolvemento persoal, e dos/as que queiran ver unha Galicia plenamente integrada no mundo globalizado do século XXI e que crean na importancia ca iniciativa persoal e a meritocracia teñen para o logro deste fin.

Por todo iso, dende o punto de vista democrático non pode haber ningún límite de decisión para a autoorganización da cidadanía que o marco xurídico-político da súa elección. Este marco será o que voluntariamente se queira definir, sen prexuízo do respecto ao marco legal vixente. Apostamos pois, por unha aprofundización no autogoberno municipal e de Galicia, e polo recoñecemento dunha realidade plurinacional de España, que poida, nun futuro, adoptar a fórmula xurídica dunha confederación.

Por último, C21 é un partido que cree no municipalismo e na idoneidade dos entes locais para servir ao cidadán en primeira instancia, por iso aposta porque adquiren e administren mais potestades e recursos.

A continuación, preséntase unha definición ideolóxica base que se desenvolverá e concretará as condicións que dispoñan os sucesivos congresos do partido. Convergencia 21 é una forza política que se define como democrática e liberal, profundamente reformista no que respecta ás institucións, con sensibilidade social e ecolóxica, aconfesional, sendo no ámbito territorial un partido municipalista, galeguista e europeísta.

Convergencia 21:

a) Confía plenamente na Democracia, na Liberdade e nos Dereitos Humanos. A Democracia é o mellor sistema para garantir as liberdades individuais, a convivencia, o benestar e a prosperidade, e por iso a nosa sociedade debe fortalecela e traballar na súa continua profundización.

b) Cree ca mellor maneira para fortalecer unha sociedade vertebrada e próspera é potenciar a economía de libre mercado e a libre competencia, ca menor intervención e control do Estado posible. Un sistema económico respectuoso co entorno natural que incentive o esforzo e a creatividade, auténticos xeradores de traballo, riqueza e benestar. Ademais, recoñece e aposta polo papel ca libre empresa e o fomento do espírito emprendedor, deben xogar no progreso e dinamismo da economía.

c) Cree na potenciación da identidade de Galicia para alcanzar un marco no que a cidadanía galega poida desenvolver ao máximo as súas potencialidades individuais.

d) Defende o plurilingüismo como valor estratéxico cultural e económico, e considera que a lingua galega, propia de Galicia, debe ter a mesma consideración xurídica e social ca outra lingua co-oficial, o castelán. Considera tamén a igualdade de dereitos dos galego-falante. Ademais, o partido resalta a necesidade de aproveitar as enormes vantaxas da afinidade lingüística cos países de fala lusa. Do mesmo modo, o idioma preferente de C21 será o galego.

e) Outorga a sociedade o rol central no desenrolo económico e social.

f) Defende un ensino e unha sanidade de acceso universal e de calidade como elementos vertebradores básicos da sociedade e como garantes da igualdade de oportunidades.

g) Considera que as institucións deben promover a integración e fortalecer a igualdade de oportunidades das persoas en condicións desfavorables. Ademais, deben garantir a dignidade e a calidade de vida das persoas con dependencia e protexer a familia no sentido máis amplo e heteroxéneo da palabra.

h) Cree que é de debido cumprimento acadar un crecemento respectuoso co medio natural e co patrimonio artístico, desenvolvendo políticas que melloren e preserven este legado para as xeracións futuras.

i) Recoñece o papel positivo que xogou a Constitución Española de 1978 e constata que está ao servizo da cidadanía, mais consideramos que podería ser reformada en función dos intereses e preferencias da cidadanía española e galega.

l) Aposta por unha reforma que desterre a parte inútil da burocracia, que aprofunde no autogoberno municipal e que potencie a capacidade financeira e legal da xestión dos nosos Concellos, suprimindo administracións superfluas como as Deputacións.

Título I. Dos principios do partido.

Artigo 1º. Convergencia 21 (C21) está constituído ao amparo do artigo 6 da Constitución Española, réxese polo establecido na Lei Orgánica 6/2002, de 27 de xuño, de Partidos Políticos. Do mesmo modo, estrutúrase e organízase como partido sobre os principios da democracia interna, da participación e da disciplina as decisións tomadas de forma colexiada.

Artigo 2º. C21, como partido de corte liberal e reformista, poderá buscar sinerxías con outras organizacións que coincidan nestes principios. C21, como tódalas formacións liberais de Europa, asociase ao centro político, pero ese centrismo non se basea na procura dunha equidistancia ou dun equilibrio forzado entre as desfasadas esquerdas e dereitas, senón na capacidade e vontade de dialogar con todo os que respectan os dereitos humanos e a democracia, sexan da ideoloxía que sexan. Nese aspecto, C21 quere reivindicar a forza do diálogo.

Artigo 3º. O ámbito territorial de actuación de Convergencia 21 é a Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, o partido poderá organizarse no exterior de Galicia nas agrupacións que determine a Executiva Nacional.

Artigo 4º. O logo do partido é o debuxo da flor do toxo en amarelo mais un número 21, tamén en amarelo e letras de “Convergencia” en verde. Será a Executiva Nacional a encargada de determinar a sede social do partido. A Executiva Nacional tamén poderá modificar esa sede social, que actualmente figura na Rúa Bispo Lago Nº 33, Tui (36.700, Pontevedra), ou o logotipo do partido, así como establecer as delegacións, dependencias e oficinas co funcionamento do partido requira.

Título II. Da afiliación a Convergencia 21.

Capítulo I. A persoa afiliada e simpatizante.

Artigo 5º. Para formar parte de Convergencia 21 serán condicións indispensables:

- a) Ter os dezaioito anos cumpridos.
- b) Cumprimentar a solicitude formal de ingreso no partido.
- c) No ter afiliación con ningún outro partido político, salvo con aqueles que por cuestións ideolóxicas ou estratéxicas determine o Congreso, o cal se establecerá en tempo e forma por dito órgano. Cando se firma a ficha de Convergencia 21 se acepta tamén este compromiso.
- d) Aceptar os principios xerais.
- e) Actuar conforme aos estatutos.
- f) Observar a disciplina colexiada do partido.
- g) Estar a corrente do pago domiciliado da cota mínima fixada pola Executiva Nacional, sen prexuízo das excepcións que esta determinase.
- h) A condición de afiliado/a adquirirse por medio da inscrición no respectivo censo, cumprindo cos deberes establecidos para cada figura nos presentes estatutos.

Artigo 6º. Da solicitude de afiliación.

1. A solicitude de afiliación terá que formalizarse cumprimentando a ficha de afiliación.
2. A admisión en Convergencia 21 é automática despois da recepción da solicitude de afiliación. A Comisión de Afiliación examinará as novas altas para tramitar a afiliación con carácter definitivo.

Capítulo II. Dereitos e deberes das persoas afiliadas.

Artigo 7º. A persoa afiliada ten os seguintes dereitos:

a) A participar no Congreso Nacional e nos levados a cabo nas súas respectivas circunscricións, directamente ou a través dos/as compromisarios/as, na forma que estipule a Executiva Nacional para cada congreso, e segundo cada regulamento de dito congreso.

b) A participar na vida política e nas actividades que organice Convergencia 21 en tódolos niveis previstos neste estatuto. A defender as súas opinións con voz e con voto nas reunións dos órganos aos que estean adscritas e na forma que se estableza regulamentariamente, cos límites do respecto á dignidade persoal, así como ás resolucións e acordos democraticamente adoptados polos órganos do partido no marco de súas competencias estatutarias.

c) A exercer o dereito a elixir e ser elixidas, cos requirimentos regulamentarios pertinentes, para cargos internos de dirección ou de representación política. Será condición necesaria para exercer este dereito estar ao corrente na cotización.

d) O dereito ao control político das persoas elixidas, baseado nunha información veraz, na libre expresión, no respecto as persoas e a adaptación ao lugar e tempo regulamentariamente establecidos.

e) A recibir e demandar información plural sobre a actividade de Convergencia 21.

f) A elevar consultas e propostas aos diferentes órganos de Convergencia.

g) A recibir formación que lles axude a desenvolver mellor súa actividade política.

h) A recibir, por parte do partido, asistencia técnica ou xurídica na defensa dos actos que derivasen do correcto exercicio dos seus cargos electos.

l) El dereito á protección externa fronte aos ataques inxustos internamente, mediante a actuación imparcial e equitativa dos órganos competentes.

m) O dereito á utilización de medios materiais e humanos da organización para o cumprimento das súas obrigas no exercicio dos seus dereitos, ca correspondente autorización dos órganos executivos da instancia da que se trate.

n) A impugnar os acordos dos órganos do partido que estimen contrarios a la lei ou aos estatutos.

Artigo 8º. La persoa afiliada ten os seguintes deberes:

1. De carácter xeral:

a) Respetar os principios básicos e os estatutos, así como os acordos validamente adoptados polos órganos de Convergencia 21.

b) A contribuír ao esforzo colectivo de toda a organización para a consolidación dos seus obxectivos programados.

c) Á solidariedade moral no ámbito do partido co resto da organización, ao respecto das opinións e posición da súas persoas e á obrigada colaboración con todas elas.

d) A render contas do traballo realizado, tanto en cargos internos como públicos, por mediación do órgano que corresponda pola súa función o a súa adscrición territorial.

e) A desenvolver, de acordo coas posibilidades persoais, unha actividade continua, dedicada aos obxectivos do partido. Procurar difundir os obxectivos e a actividade do partido en aras de que outros cidadáns os coñezan, de que os compartan e de que se comprometan con Convergencia 21.

f) A participar activamente nos procesos electorais, con interese destacado na colaboración para o servizo cívico de interventor/a, apoderado/a ou como representante nas diferentes xuntas electorais.

g) A asistir as reunións dos grupos territoriais, sectoriais ou de traballo ao cal se estea adscrita, e levar a termo as tarefas asignadas ou asumidas.

h) A gardar discreción nas materias reservadas.

i) A manter unha conducta ética no seu comportamento e na acción política.

l) A pagar a cota. Serán determinadas regulamentariamente as excepcións que procedan.

2. De carácter específico a persoa afiliada:

a) que ocupe cargos de representación ou de elección no partido, deberá asistir a tódalas reunións as que sexa convocada por razón de cargo, e

b) que ocupe cargos de responsabilidade pública e de confianza política, en especial, os cargos electos con dedicación exclusiva, deberán ter formación. O Comité Executivo a que pertenza cada cargo será responsable da súa coordinación.

Artigo 9º. A condición de afiliado/a perderase:

a) Por vontade propia e despois de comunicalo por escrito.

b) Como resultado dun expediente disciplinario de acordo coas normas correspondentes establecidas no Título V.

c) Polo impago das cotas durante unha anualidade e conforme aos procedementos descritos no Regulamento Económico.

d) Por presentarse nunha lista electoral por calquera opción ou candidatura non autorizada pola Executiva Nacional.

Capítulo III. Simpatizantes.

Artigo 10º. A Executiva Nacional poderá dispor dun rexistro de simpatizantes aos que se lles informará das actividades do partido. Ademais, a Executiva Nacional poderá indagar na opinión dos/as simpatizantes en procesos de decisión interno, cando así o considere necesario.

Título III. Natureza do voto das persoas afiliadas, sobre as eleccións internas, as maiorías e as convocatorias e reunións.

Capítulo I. Normas xenéricas.

Artigo 11º. Nos órganos de goberno do partido, cada persoa afiliada terá un voto que será intransferible. Só se permitirá a representación de voto por delegación congresual. A natureza e proporción desta delegación (por compromisarios/as) será definida nos regulamentos dos congresos. Os/as Presidentes/as a nivel nacional e local posen voto de calidade en caso de empate.

Artigo 12º. Tódolos procesos electorais e de votación en debates serán executados de acordo aos regulamentos dos congresos.

Artigo 13º. Tódalas eleccións de cargos serán secretas, salvo co Congreso acorde o contrario. Pola contra, a elección da Presidencia de Honra sempre será manifesta.

Artigo 14º. A dirección nacional debe ser informada da toma de posesión de tódolos cargos do partido e cargos públicos, cuestión que poderá remitirse a este órgano por mediación das actas preceptivas.

Artigo 15º. É obrigatorio levantar acta de tódalas reunións.

Artigo 16º. Os acordos tómanse por maioría simple, excepto nos casos onde, estatutariamente, se establezan quórumos ou maiorías.

Artigo 17º. Antelación de Convocatorias e periodicidade das celebracións e reunións:

17.1 As convocatorias dos órganos de representación como o Congreso Nacional e a Convención Nacional realizaranse cunha antelación de 45 días

antes da celebración. As convocatorias de órganos locais como o Congreso Local ou o Ágora Local realizaranse 30 días antes da celebración. A antelación das convocatorias da Executiva Nacional e dos Comités Executivos Locais se dirimirá por medio dos Regulamentos da E.N e dos CEL's, supervisados pola Executiva Nacional.

17.2. O Congreso Nacional convocarase cada 3 años de forma ordinaria, a Convención Nacional e os Ágoras Locais reuniranse de forma ordinaria como mínimo anualmente e os Congresos Locais cada 4 anos. Os órganos de dirección: Executiva Nacional e Comités Locais reuniranse de forma ordinaria, como mínimo, cada 3 meses. Tódolos órganos poderán reunirse de maneira extraordinaria conforme ao ditaminado no corpus destes estatutos para cada caso en concreto.

Artigo 18º. Cada afiliado integrarase nunha agrupación local en caso de que estea constituída. A E.N redactará e aprobará un regulamento de organización para determinar con cantos afiliados en cada demarcación se poden crear as representacións vogais, as xestoras e os congresos locais.

Artigo 19º. A dirección do partido ten que dispor dos medios necesarios para realizar as súas tarefas. A dirección e os outros órganos colexiados executivos terán que redactar plans de acción para impulsar, coordinar e optimizar a súa actividade.

Título IV. Órganos centrais de representación e de dirección.

Capítulo I. Dos órganos do partido.

Artigo 20º. A representación, administración, xestión e dirección política de Convergencia 21 é ostentada polos seguintes órganos:

1) Órganos de Representación:

- A) O Congreso.
- B) A Convención Nacional.

2) Órganos de Dirección:

- A) A Executiva Nacional cas súas Comisións Permanentes.
- B) A Presidencia.
- C) A Presidencia de Honra.
- D) A Secretaría Xeral.
- E) A Secretaría de Finanzas.
- F) As Secretarías Executivas.

Capítulo II. 1.A) O Congreso Nacional.

Artigo 21º. A máxima representación da vontade de Convergencia 21 é ostentada polo Congreso Nacional, composto polos/as compromisarios/as que representan á afiliación do partido.

Artigo 22º. O Congreso Nacional Ordinario terá que celebrarse como mínimo cada 3 anos. A convocatoria será realizada cunha antelación mínima de 45 días naturais, a proposta da Executiva Nacional e pola man do Presidente. Será convocado de forma extraordinaria por unha terceira parte da afiliación mediante escrito razoado remitido á Executiva Nacional. O Congreso Extraordinario será convocado nun prazo máximo de 30 días e cunha orde do día limitado aos temas para os que foi concibida dita convocatoria. Os acordos do Congreso serán por maioría simple, salvo nos puntos referidos á fusión, coalición, federación ou disolución do partido que necesitarán da maioría absoluta.

Artigo 23º. Correspóndelle ao Congreso Nacional:

- a) Elixir á Presidencia do partido e a membresía da Executiva Nacional.
- b) Aprobar o informe de xestión da dirección saínte e debater e aprobar os relatorios.
- c) Ratificar os pactos orgánicos.
- d) Aprobar ou modificar os estatutos.
- e) Recibir informes da situación da formación a nivel nacional e local.
- f) Recibir informes de contas.
- g) Decidir no referente ás propostas de federación, fusión e disolución do partido.

Artigo 24º. Regulamento, Candidatura e Emendas.

24.1 Regulamento do Congreso.

O primeiro acordo de cada congreso será a aprobación do Regulamento do Congreso. A redacción do Regulamento do Congreso corresponderá ao Relator do Congreso, a proposta e baixo a supervisión da Executiva Nacional. Dito regulamento será ratificado previamente polo propio órgano executivo nacional e posteriormente, tralas emendas, aprobado definitivamente polo propio congreso.

24.2 Candidaturas e Emendas.

1. As candidaturas que se presenten á Presidencia Nacional deberán enviarse á dirección que determine a Executiva Nacional, á atención da Secretaría Xeral e con unha proposta inicial de executiva, sumando ademais os avais correspondentes, ditaminados pola E.N, pero nunca mais de 20. Do mesmo modo, deben axustarse ás condicións estipuladas nos estatutos e remitirse cunha anterioridade mínima de 15 días antes da celebración do congreso.

2. Dende a convocatoria do congreso ata 16 días anteriores á celebración do mesmo, calquera persoa afiliada ou grupo de afiliados/as, poderán presentar relatorios sobre a temática que desexen, remitíndoas firmadas á dirección que determine a Executiva Nacional.

3. Os relatorios presentados serán comunicados aos/as afiliados/as cunha antelación de 10 días á celebración do Congreso. Calquera persoa afiliada poderá presentar emendas ata 5 días antes do inicio do congreso. O texto da emenda remitirase á dirección que asigne a Executiva Nacional e sinalarase a parte que se desexa suprimir e se propondrá unha nova redacción. As que se presenten fora de prazo non se terán en conta.

4. Formuladas as emendas, os autores dos relatorios avaliarán a posibilidade de incorporalas á redacción de relatorios, cara ao congreso.

5. Os autores dos relatorios poderán rexeitar o transaccionar a emenda.

6. Si se acepta unha emenda presentada, os autores a incorporarán ao relatorio que presentarán a votación no Congreso.

7. Si se rexeita unha emenda, esta poderá ser explicada e plantexada polo seu autor, antes de ser sometida a votación no Congreso.

8. Cando una emenda se tramita, os autores do relatorio e da emenda farán unha nova redacción do texto. O Secretario Xeral fará públicos os relatorios definitivos 48 horas antes do congreso.

9. A afiliación poderá dirixir a cada unha das candidaturas á Presidencia cuestións sobre aspectos das súas propostas e sobre aspectos xerais organizativos do partido para que sexan contestadas por un voceiro de cada candidatura.

10. As preguntas que calquera afiliado queira que sexan contestadas no Congreso deberán formularse con 48 horas de antelación á celebración do mesmo, remitíndoas á dirección ditaminada pola E.N. O resto das preguntas serán respondidas no prazo de 15 días ao afiliado/a que as formulou e por parte da executiva entrante. Tamén poderán facer preguntas no Congreso na maneira que ditamine o Regulamento do Congreso.

11. Durante o Congreso, a Presidencia organizará as intervencións e a Secretaría tomará acta de todo o sucedido.

Capítulo III. 1.B) A Convención Nacional.

Artigo 25º. A Convención Nacional é o órgano que entre congresos artella a acción política e a organización territorial do partido.

Artigo 26º. Reúnese de forma ordinaria unha vez ao ano por convocatoria do/a Presidente/a Nacional e con unha antelación de 45 días. Poderá reunirse de forma extraordinaria por convocatoria da Executiva Nacional ou por petición de alo menos un 40% dos Comités Executivos Locais constituídos, con escrito razoado e orde do día remitido á Executiva Nacional. A Convención será presidida pola propia Presidencia Nacional e a Secretaría Xeral Nacional exercerá as labores de secretariado.

Artigo 27º. A Convención Nacional estará formada pola Executiva Nacional e por dous representantes de cada localidade. Estes serán os/as Presidentes/as Locais do partido e o/a voceiro/a do Grupo Municipal, sempre que teñan representación no Concello. En caso de coincidencia de cargos, os Comités Executivos Locais elixirán ao segundo representante. Si no hai representación institucional so acudirá a persoa que presida o partido.

Artigo 28º. Corresponde á Convención Nacional:

- 1) Convocar Congreso Extraordinario.
- 2) Convocar calquera Ágora Local en caso de crise.
- 3) Analizar as cuestións inherentes á estrutura territorial do partido.
- 4) Trazar programas marco e estratexias cara as eleccións municipais.
- 5) Recibir contas por parte da Executiva Nacional dos fondos xerais que para cada campaña ditamine este órgano.

Capítulo IV. 2.A) Da Executiva Nacional.

Artigo 29º. La Executiva Nacional é o órgano de execución emanado do Congreso.

Artigo 30º. O plenario da Executiva Nacional, formado por todos/as os seus/súas integrantes, reunirse, como mínimo, cada 3 meses con carácter ordinario ou con carácter extraordinario, si así fora solicitado, pola Presidencia ou pola maioría da súa membresía, sendo por medio dun escrito motivado que inclúa a orde do día da reunión. Será presidida pola Presidencia e a Secretaría Xeral levantará acta. A orde do día será fixado pola Presidencia a proposta de calquera membro da executiva e será sometida a discusión, deliberación e acordo no plenario da executiva, podendo tomar a palabra os/as integrantes para defender os seus puntos de vista. Os acordos adoptaranse por maioría simple, e no caso de empate, polo voto de calidade do/a Presidente/a.

Artigo 31º. Correspóndelle as seguintes funcións:

- a) A dirección do partido conforme ao sinalado no Congreso.
- b) A representación do partido en tódolos ámbitos legais.
- c) A representación común do partido.
- d) Convocar, en caso de estimarse oportuno, á Convención Nacional como órgano de análise e de coordinación territorial entre congresos ou aos órganos locais que contemplan estes estatutos, organizando xestoras, nomeando voceiros e tamén Secretarios Encargados cando a situación das agrupacións locais así o requiran e conforme a estes estatutos.
- e) Impulsar a acción executiva do partido en tódolos ámbitos.
- f) Establecer as directrices políticas do partido conforme ao mandato do Congreso Nacional.
- g) Propor aos/as candidatos/as ao Parlamento Europeo, á Presidencia do

Gobierno de España e ao da Xunta de Galicia. Do mesmo modo, establecer as alianzas do partido a nivel europeo, nacional e autonómico.

h) Trasladar á afiliación e a opinión pública os posicionamentos do partido en canto a cuestións de índole galega, española, europea ou de calado internacional.

i) A proposta da Presidencia, cubrir as vacantes que no seu seo se produzan entre Congresos, ou incluír novos membros.

j) Suplilas lagoas de estes estatutos sempre e cando se poda contar ca posición favorable dos 2/3 da membresía.

k) Fixar a contía das cotas de afiliación.

Artigo 32º. A Executiva Nacional estará composta necesariamente por un mínimo de cinco persoas e un máximo de vinteunha e terá como mínimo os seguintes órganos de dirección:

- Presidencia.
- Presidencia de Honra.
- Secretaría Xeral.
- Secretaría de Finanzas.
- Secretarías Executivas.

Artigo 33º. Corresponde aos candidatos á Presidencia de cada congreso especificar na lista que presenten a correspondencia de estas ou outras funcións que consideren necesario cubrir cas persoas que integren a lista á Executiva Nacional, si ben poderá variala por cuestión de integración.

Artigo 34º. En caso de que durante a vixencia do mandato, se producisen baixas por falecemento, enfermidade grave, traslado de residencia fora de

Galicia ou cesación forzosa ou voluntaria, o plenario da Executiva Nacional, a proposta do/a Presidente/a, poderá nomear para substituír a baixa producida a outra persoa allea á Executiva Nacional, que pasará a formar parte de dicha executiva.

Calquera membro da Executiva Nacional poderá destituírse na propia Executiva Nacional a petición do Presidente e con máis de 2/3 dos presentes desa Executiva Nacional, na Convención Nacional por petición de unha terceira parte dos membros de este órgano e a votación de 2/3 dos asistentes e no Congreso Extraordinario a petición do Presidente ou da Executiva Nacional, tamén ca maioría simple da membresía asistente en ese congreso. A petición de cese sempre deberá figurar nun punto da orde do día e acompañada de escrito razoado.

Artigo 35º. As Comisións Permanentes.

35.1. A Executiva Nacional poderá crear no seu seo comisións que estarán formadas por tres dos seus membros. Estes estarán encargados de tomar aquelas decisións urxentes e inaplazables entre as reunións do pleno da Executiva Nacional, e aquelas outras encomendadas polos presentes estatutos ou que lle sexan delegadas pola Executiva Nacional.

35.2. Se conformarán as seguintes:

- **Comisión Executiva Permanente**, encargada de tódalas decisións urxentes e inaplazables entre dous reunións do plenario da Executiva Nacional. Estará formada pola Presidencia, a Secretaría Xeral e outro/a compoñente da Executiva Nacional designado/a por esta.
- **Comisión Disciplinaria**, encargada da dirección e tramitación dos expedientes informativos e disciplinarios e das medidas cautelares a impoñer á afiliación que incumpra estes Estatutos. Estará formada pola Secretaría Xeral e por outros dous compoñentes mais designados pola Executiva Nacional.
- **Comisión Económica**, encargada da dirección económica e financeira do partido baixo o control da Executiva Nacional. Estará formada pola Secretaría Xeral, a Secretaría de Finanzas e outro/a designado/a pola Executiva Nacional. Tamén o Presidente Nacional poderá formar parte desta comisión.

- **Comisión de Afiliación**, encargada do impulso, expansión e afiliación ao partido. Tamén encargarase do estudo de admisión das novas altas do partido. Estará formada pola Secretaría Xeral, a Secretaría de Expansión e a Secretaría de Afiliación.
- Independentemente das reunións presenciais ou a distancia que se estimen oportunas, as deliberacións das comisións teñen que comunicarse do modo máis transparente e inmediato posible a tódolos/as integrantes da executiva.

Capítulo V. 2.B) A Presidencia.

Artigo 36º. O/a Presidente/a é quen representa legalmente e politicamente ao partido. Será elixido de forma uninominal polo Congreso.

Artigo 37º. En caso de falecemento, incapacidade ou dimisión da persoa que presida o partido, a Executiva Nacional convocará congreso para unha nova elección. O/a Presidente/a Nacional so poderá destituírse nos congresos extraordinarios. Poderá convocarse un Congreso Extraordinario a tal efecto:

1. Por parte de calquera persoa afiliada, con escrito razoado e apuntalado polas firmas dunha terceira parte da afiliación e dirixido á Executiva Nacional, podendo calquera dos seus membros, preferentemente a Secretaría Xeral ou a Presidencia de Honra, convocar ese congreso extraordinario co punto da orde do día para propor ese cese presidencial.
2. Con escrito razoado por parte del 50% máis da Executiva Nacional ou da Convención Nacional, e convocando Congreso Extraordinario calquera persoa de súa membresía, preferentemente dende a Secretaría Xeral ou por parte da Presidencia de Honra.

Artigo 38º. As funciónes da Presidencia son:

- a) A dirección das funciónes executivas marcadas polo Congreso e a Executiva.
- b) As funciónes de xestión do partido, que poderá delegar na membresía da executiva.
- c) A representación pública e xurídica en toda clase de actos e contratos para a realización dos acordos da Executiva Nacional.
- d) En caso de empate nas deliberacións da Executiva Nacional, a Presidencia disporá dun voto de calidade.
- e) Correspóndelle á Presidencia distribuír as funciónes e competencias da súa executiva entre os seus membros. Estas funciónes deberán recollerse por escrito e na web do partido para facilitar a participación e a comunicación.

Capítulo VI. 2.C) Dá Presidencia de Honra.

Artigo 39º. A presidencia de Honra do partido é un cargo de honor, que deberá ser ocupado por aquela figura na que se conciten indubitados méritos a favor do partido. Será o Valedor do Afiliado y poderá nomear un equipo de persoas para que o asistan nesta tarefa.

1. La Presidencia de Honra do partido elíxese por maioría absoluta do Congreso Nacional a proposta motivada do propio Congreso, e o cargo será indefinido, ata que cese voluntariamente, faleza ou sexa revocado o seu nomeamento polo Congreso Ordinario ou Extraordinario.

2. O Presidente de Honra do partido colabora co/a Presidente/a nas funcións que este/a poda delegar nel/ela, e poderá asistir as reunións da Executiva Nacional con voz e voto, as que deberá ser convocado/a, e será informado/a dos acordos e deliberacións da Executiva Nacional.

3. En caso de dimisión, destitución ou desaparición física do/a Presidente/a de Honra, o cargo queda vacante ata que nun novo congreso se poida elixir un cos requisitos adecuados.

4) O/a Presidente/a de Honra, se poderá destituír en congreso a proposta do 50% da Executiva Nacional. Necesitará a maioría simple dos votos dos presentes no órgano e o punto desa dimisión deberá estar reflectido na orde do día.

Capítulo VII. 2.D) Dá Secretaría Xeral.

Artigo 40º. O/a Secretario/a Xeral é o representante legal do partido ante terceiros nas relacións con empresas e institucións cas que se relacione no exercicio das súas competencias.

Artigo 41º. Corresponde ao/á Secretario/a Xeral:

1. Substituír ao/á Presidente/a no caso de ausencia.
2. Manter en custodia o Rexistro Xeral de Afiliados en colaboración co Secretario de Afiliación, si o houbera. De feito, en caso de no haberse nomeado un/unha Secretario/a de Afiliación, o Secretario Xeral asumirá ditas funcións.
3. Correspóndelle tamén a asistencia, impulso e apoio aos Comités Executivos Locais, velar polo cumprimento do estipulado nos estatutos nos procesos de afiliación, baixas e traslados.
4. Corresponde ao/á Secretario/a Xeral a redacción e custodia das actas.
5. Correspóndelle á Secretaría Xeral o relacionado ca posta en orde da documentación do partido no referente á Lei de Protección de Datos.
6. A efectos de dimisión, cese ou destitución, a Secretaría Xeral funciona conforme a calquera membro da executiva.

Capítulo VI. 2.E) Dá Secretaría de Finanzas.

Artigo 42º. É a responsable das finanzas do partido.

Artigo 43º. Corresponde á Secretaría de Finanzas:

- a) O mantemento ordenado do estado fiscal do partido.
- b) A custodia, protección e xestión do acceso ás contas financeiras do partido, en colaboración co Secretario Xeral.
- c) A dilixente organización e procura de novos medios de financiamento para o partido, e proposición para o seu estudo e aprobación pola Executiva Nacional.
- d) Recadar as cotas de afiliación e ordenar as emisións de cobro de recibos por cotas, así como reclamar os impagos destes.
- e) Firmar os cheques e ordes de pago contra contas correntes, de crédito ou outras.
- f) Elaborar e someter a aprobación da Executiva Nacional a previsión mensual de cobros e pagos.
- g) Redactar as contas anuais que, previa aprobación da Executiva Nacional, se someterán aos Congresos.
- h) Informar das propostas que impliquen gastos e controlar e revisar os libros de contabilidade e someter a aprobación da Executiva Nacional os balances e estados de contas que por lei téñense que realizar.
- l) Levar o control orzamentario, para que cada conta se axuste na súa realización á cantidade que lle fora asignada no orzamento.
- m) A efectos de dimisión, cese ou destitución esta figura funciona como calquera secretaría executiva.

Capítulo VII. 2.F) Dás outras secretarías e das súas funcións.

Artigo 44. Serán Secretarías Executivas a proposta da Presidencia:

- 1) Secretaría de Organización de Eventos.
- 2) Secretaría de Afiliación.
- 3) Secretaría de Expansión.
- 4) Secretaría de Acción Municipal.
- 5) Secretaría de Acción Ciudadá.
- 6) Secretaría de Acción Política.
- 7) Secretaría de Comunicación.
- 8) Outras Secretarías. Se poderán crear outras secretarías executivas a instancias da Executiva Nacional e a proposta da Presidencia.

Título IV. Órganos territoriais de representación e de dirección.

Capítulo I. Organización territorial básica. As agrupacións locais.

Artigo 45º. O núcleo territorial básico da afiliación é a agrupación local, organizada en base aos concellos. As persoas afiliadas que pertencen aos concellos onde no se poida constituír unha agrupación, poderán colaborar mutuamente con agrupacións veciñas co fin de gañar en operatividade, mentres que esa precariedade numérica se manteña ou tamén constituírse en agrupacións extraoficiais de carácter comarcal; todo isto baixo a supervisión da Executiva Nacional.

Artigo 46º. As agrupacións locais poderanse constituír con un mínimo de 5 membros, salvo os menores de 3.000 habitantes, onde só se necesitarán 3. Una vez constituída a agrupación local, deberá contar cos seguintes:

1) Órganos de representación:

- a) Congreso Local.
- b) Ágora Local.

2) Órganos de Dirección:

- a) Comité Executivo Local - CEL
- b) A Presidencia Local.
- c) A Secretaría Local.
- d) As Secretarías Executivas Locais.

Capítulo II. 1.a) O Congreso Local.

Artigo 47º. O Congreso Local está constituído por toda a afiliación adscrita na localidade, pero poderá organizarse un sistema de compromisarios en caso de que se superen os 100 afiliados cá asistencia mínima de 50 persoas. Se convocará cada 4 años de forma ordinaria e por parte da Executiva Local ou ben por parte da Executiva Nacional a primeira vez, e de forma extraordinaria cando así o propoñan a propia Executiva Local, ou Ágora Local ou a afiliación mediante escrito razoado. En tódolos casos, o Congreso Local convocarase 30 días antes da celebración do mesmo.

Artigo 48. Ao Congreso Local correspóndelle:

- a) Elixir ao/á Presidente/a, e, a proposta deste/a, ao resto do Comité Executivo Local.
- b) Marcar as directrices do partido a nivel local, redactando e aprobando relatorios marco, estratéxicas, de expansión e programas electorais para o partido a nivel local.
- c) Avaliar os pactos do Grupo Municipal a proposta do candidato.
- d) Organizar as finanzas do partido a nivel local.

b) Capítulo III. 1.b) Ágora Local.

Artigo 49º. Constituirá o Ágora Local, a totalidade da afiliación local.

Artigo 50. Reunirase unha vez ao ano, e tamén en período preelectoral de Eleccións Municipais, e funcionará como Comité Electoral. Será convocado a instancias da Presidencia Local ou do Comité Executivo Local, con 30 días de antelación á celebración. No caso de non convocatoria por parte do/a Presidente/a Local, será convocado pola Executiva Nacional, actuando a instancias dunha terceira parte da afiliación local ou de oficio. Tamén poderá ser convocada pola Convención Nacional en caso de crise na agrupación local.

Artigo 51º. Os cometidos do Ágora Local son:

- a) Ratificar ou desautorizar a actuación do/á Presidente/a Local ou do Comité Executivo Local (CEL).
- b) Avaliar o traballo do partido, especialmente no seu ámbito de actuación territorial.
- e) Aprobar o programa electoral municipal.
- f) Avaliar o traballo do grupo municipal.
- g) Elixir ás persoas delegadas para o Congreso Nacional cando corresponda.
- h) Aprobar o candidato que corresponda ás eleccións municipais.

c) Capítulo IV. 2.a) Comité Ejecutivo Local (CEL)

Artigo 52º. O Comité Executivo Local é o máximo órgano permanente da acción política a nivel municipal. No seu ámbito é directamente responsable da organización da administración do partido.

Artigo 53º. O Comité Executivo Local está formado polo/a Presidente/a Local e o equipo de persoas oportuno para o desenvolvemento das tarefas propias da agrupación local. Tamén fai parte do Comité Executivo Local a persoa que exerza de voceiro do Grupo Municipal no concello, sempre que sexa afiliado/a de Convergencia 21, e si este no fora o caso, outra persoa que fose afiliado/a e tivera a condición de membro do Grupo Municipal. Son membros natos do Comité Executivo Local as persoas que posúan a condición de membros da Executiva Nacional e residan na localidade dese comité local. Nas eleccións internas das agrupacións locais o/a Presidente/a e o Comité, a proposta da Presidencia, se votarán de forma separada, baixo a denominación de Candidatura. Poderán presentarse tódalas candidaturas que cumpran cos requisitos exixidos no Regulamento dos Congresos Locais de aprobación pola Executiva local.

Serán membros do Comité Executivo Local:

- a) O/a Presidente/a que será presidente/a.
- b) O/a Secretario/a Local que será secretario/a.
- c) De 1-3 a 13 vogais, 19 no caso das sete grandes cidades de Galicia. Algúns destes/as vogais serán Secretarios/as Executivos/as, e terán asignado, debido a este cargo, unha serie de tarefas delimitadas por parte da Presidencia ou do regulamento local, sendo tantos Secretarios/as Executivos/as como se precisen estruturalmente.

Artigo 54º. Corresponde ao Comité Executivo Local:

- a) Representar, organizar, coordinar e dinamizar o partido no seu ámbito de actuación territorial.
- b) Artellar os acordos, relatorios e plans do Ágora Local e fundamentalmente do Congreso Local.

- c) Propor accións políticas ao Ágora Local nas reunións anuais.
- d) Apoiar aos concelleiros de C21 na localidade, coordinando a súa actuación co grupo municipal.
- e) Recoller sistematicamente as propostas, iniciativas e estudos, aplicándoos á acción política municipal ou incluíndoos no seguinte programa municipal.
- f) Realizar o seguimento do cumprimento do programa electoral municipal.
- g) Realizar o seguimento e a execución das campañas electorais no seu ámbito de actuación territorial.
- h) Consultar os diferentes órganos regulamentarios de Convergencia 21 naquelas cuestións nas que os seus coñecementos específicos poidan ser de interese.
- i) Organizar cursos de formación para a afiliación e cargos públicos.
- l) Recibir e transmitir información do partido e da política xeral desde a base á dirección e viceversa.
- m) Recoller as iniciativas, suxestión e críticas da afiliación e da sociedade no seu ámbito de actuación territorial.
- n) Realizar actividades para dar a coñecer o partido á cidadanía, así como facela participar nas actividades que foran realizadas.
- ñ) Reunirse periodicamente cos compoñentes do Grupo Municipal.
- o) Transmitirille e tramitar aos órganos superiores do partido aqueles acordos tomados polo propio Comité Executivo Local ou Ágora Local en asuntos que non estean ao seu alcance. Tamén aquelas iniciativas, suxestións e críticas recibidas da afiliación e das persoas simpatizantes en asuntos que sobrepasen o seu propio ámbito municipal.
- p) Render contas anualmente ante o Ágora Local, elixir aos compoñentes da delegación á Convención Nacional segundo marcan estes estatutos.

Artigo 55º. Nomeamentos, vacantes e destitucións no Comité Executivo Local.

- a) Todo nomeamento local debe ser notificado á Executiva Nacional. Poderá comunicarse a través da remisión do acta concreta de Toma de Posesión.
- b) As vacantes producidas por dimisións voluntarias no Comité Executivo Local iranse suplindo no seo do comité ou do ágora, sempre a proposta da Presidencia Local. Necesitárase a maioría absoluta dos votos do Comité Executivo Local e a simple do Ágora Local.
- c) Para a destitución ou separación de calquera afiliado/a que ocupe un cargo electo local que non sexa a Presidencia, requirirase da presentación previa dunha moción razoada de destitución, coa sinatura do mínimo dunha terceira parte da membresía do Comité Local, ademais dos 2/3 dos votos presentes dese Comité Local, podendo o/a destituído/a apelar ante a Executiva Nacional. En caso de que esa destitución se plantexe no Ágora Local, realizarase con petición razoada e escrita dunha terceira parte do ágora, ou do 30% da composición do Comité Executivo Local, e con voto a favor dos 2/3 da afiliación presente nese Ágora Local. Si a moción non obtivese os votos necesarios, non se poderá repetir ata seis meses despois. Non cabe apelación á destitución dun cargo local no Ágora Local.

d) Capítulo V. 2.b) A Presidencia Local.

Artigo 56º. O/a Presidente/a Local é o/a representante político/a do partido na localidade, ademais é politicamente responsable ante o Congreso Local, ante o ágora do partido e ante os órganos superiores. Vela polo cumprimento e desenrolo dos acordos do Congreso Local, preside e supervisa a acción do Ágora Local e do Comité Executivo Local.

Artigo 57º. Ten como funcións:

- a) Executar ou facer executar os acordos do Congreso Local, do Ágora Local e do Comité Executivo Local.
- b) Debe propor o nomeamento, supervisar e apoiar a labor do/a Secretario/a Local e dos/as secretarios/as executivos.
- c) Calquera afiliado/a local pode dirixirse á Presidencia, garantindo estes Estatutos unha resposta por escrito, razoada, nun prazo máximo dun mes.

Artigo 58º. Cando se produce a dimisión da Presidencia nun Comité Executivo Local, o resto do comité quedará en funcións en forma de xestora ata que, por orde da Executiva Nacional, se celebre un novo Congreso Local. Si non hai 3 membros para a constitución dunha xestora, ou por parte da Executiva Nacional se considerase a inviabilidade dese órgano, a propia Executiva Nacional procederá a nomear a un Secretario/a Encargado/a co obxecto de celebrar un novo Congreso. A Secretaría Encargada exercerá as funcións puramente executivas con carácter finalista de celebrar o Congreso, sempre baixo as directrices do Regulamento dos Congresos Locais e baixo a supervisión da Executiva Nacional. O/a Presidente/a Local so poderá ser destituído nun Congreso Extraordinario a proposta, e por escrito, de alo menos unha terceira parte da afiliación local e con maioría absoluta do congreso. Trala destitución se formalizará unha xestora nos termos que acorde a Executiva Nacional ou esta nomeará un/a Secretario/a Encargado/a.

e) Capítulo VI. 2.c) A Secretaría Local.

Artigo 59º. A Secretaría Local substituirá ao/á Presidente/a en caso de ausencia.

Artigo 60º. Será elixida no marco do Congreso Local, introducido na candidatura do/a Presidente/a Local e designado/a polo Presidente/a Local. Poderá ser destituído por petición de 1/3 da afiliación local, con escrito razoado, por petición do Presidente Local ou de 1/3 da Executiva Local, e cos votos de 2/3 da Executiva Local ou do Ágora Local.

Artigo 61º. As súas funcións serán:

- a) Recoller en acta os contidos das reunións do Comité Executivo Local, do Ágora Local e dos Comités Electorais.
- b) Tramitar aos tribunais de conflitos os asuntos disciplinarios xurdidos dentro da afiliación e organigrama local. Xunto ca Presidencia, elevar as afiliacións.
- c) Ser Secretario/a de Finanzas ou coordinar ca Secretaría de Finanzas, a organización administrativa e económico - financeira do Partido a nivel local.

f) Capítulo VII. 2.d) Los/as Secretarios/as Ejecutivos/as Locales.

Artigo 62º. Serán elixidos/as no marco do Congreso, introducidos/as na candidatura do/a Presidente/a Local, e tódolos aos efectos, os requisitos de destitución serán os descritos no artigo 60, igual co Secretario Local.

As súas funcións serán:

A proposta da Presidencia, realizar as labores propias do seu departamento como poden ser a expansión, a defensa da afiliación, a acción cidadá, política, ou asesoramento en cuestións de índole municipal, etc...

Capítulo VIII. Comisións coordinadoras electorais e C21 no Exterior.

Artigo 63º. Con motivo da convocatoria de eleccións Autonómicas, Xerais e Europeas, a Executiva Nacional poderá nomear para cada distrito electoral unha comisión coordinadora.

Artigo 64º. Existirán agrupacións na emigración, cas adscricións que determine a Executiva Nacional.

Título V. Do réxime disciplinario.

I. Disposicións xerais.

Artigo 65º.

1. As disposicións deste título serán de aplicación a toda a afiliación de Converxencia 21.

2. Si existira un procedemento punitivo aberto por accións punibles segundo os presentes estatutos, os órganos competentes do partido poderán acordar a incoación dun expediente disciplinario, a súa suspensión durante o tempo que dure o procedemento, ou a adopción das medidas cautelares que acorde a Executiva Nacional, que será compatible co expediente disciplinario.

3. O órgano competente do partido, diante dun feito que puidera ser constitutivo dunha falta, poderá tomar calquera das seguintes tres decisións:

a) A incoación dun **expediente disciplinario**, cando concorran tódalas características propias dunha falta e existen indicios para atribuíla a un/unha afiliado/a en concreto.

b) A incoación dun **expediente informativo**, cando no feito non concorran tódalas características propias dunha falta ou non existan indicios para atribuíla a un/unha afiliado/a en concreto.

c) A adopción de **medidas cautelares**, que se adoptarán anexas a un expediente disciplinario ou informativo, ou con independencia da incoación dun deses procedementos.

Artigo 66º.

1. A potestade disciplinaria para as faltas graves e moi graves correspóndenlle á comisión disciplinaria da Executiva Nacional.

2. Los comités locais terán esa facultade para as faltas leves.

3. No caso de que a falta se producise nun congreso, ágora ou reunión de un órgano colectivo, a Presidencia do Ágora ou da reunión tomará a decisión que corresponda para restituír a orde da xunta podendo expulsar ao afiliado/a afectado/a, e sen prexuízo da incoación do procedemento sancionador pertinente.

4. A efectos de notificacións, se considerará domicilio do/a afiliado/a aquel que conste no censo oficial do partido.

Artigo 67º.

1. As faltas leves prescribirán aos 3 meses, as graves aos 9 meses e as moi graves aos 18 meses de haberse cometido ou de que o órgano competente tivera coñecemento da mesma.

2. Como criterios de gradación se terá en conta:

- A existencia de intencionalidade.
- Os prexuízos causados aos intereses do partido.

Capítulo II. Das faltas e das sancións.

Artigo 68º.

1. As faltas se clasificarán como moi graves, graves e leves.
2. A sanción de suspensión de afiliación ou inhabilitación para desempeño de cargo orgánico por falta grave ou moi grave por un período superior a los 12 meses conlevará a perda definitiva de calquera cargo orgánico que se ostente.
3. A expulsión do partido conlevará, en todo caso, unha petición de dimisión do cargo público e a perda de apoio do partido no desempeño dos cargos públicos do partido que ostentase o sancionado.

Artigo 69º.

1. Son **faltas moi graves** as seguintes:
 - a) O incumprimento dos deberes que impoñen os estatutos, os regulamentos e as decisións dos órganos do partido.
 - b) A afiliación a outro partido político, ou a integración oficial nunha lista electoral de outro partido ou coalición que non estea autorizada polos órganos competentes.
 - c) A falta de probidade e honradez no desempeño de calquera cargo público ou orgánico, así como os derivados da irregular administración dos fondos do partido ou da Administración.
 - d) O abandono polo/a afiliado/a do cargo público para o que fora designado/a ou elixido/a sen xustificación ante o órgano competente do partido.
 - e) Desempeñar cargos públicos electos sen a autorización expresa dos órganos competentes do partido.
 - f) A utilización do nome do partido para lucro persoal, a comisión de delitos incompatibles coa imaxe pública do partido ou a agresión no seo do partido.

2. As sancións para as faltas moi graves serán algunha ou algunhas das seguintes:

a) Suspensión temporal do cargo de elección que ostente dentro do partido durante máis de 18 meses.

b) Cese do cargo de elección que ostente, durante máis de 18 meses.

c) Suspensión dos dereitos de afiliación no grado que se determine durante máis de 18 meses.

d) Expulsión do partido.

Artigo 70º.

1. Son **faltas graves** as seguintes:

a) Faltar ao respecto aos compañeiros do partido de modo ostentoso e/ou inxustificado.

b) Calquera comportamento que menoscabe o prestixio e a imaxe pública do partido cando se produza con publicidade o teña transcendencia notoria.

c) A privación a outras persoas afiliadas, por acción ou por omisión, dos seus dereitos de voto, asistencia aos actos do partido e participación nas actividades da afiliación sen a previa resolución do órgano competente.

d) A obstrución ao labor e decisións dos órganos do partido.

e) A retención de documentación que impida a execución dos acordos tomados polos órganos do partido, ou que impida ou dificulte o exercicio das accións que establezan as persoas afiliadas en defensa dos seus dereitos ou intereses do partido.

f) O establecemento de contactos non autorizados pola Executiva Nacional con outros partidos que poidan menoscabar a credibilidade externa de Convergencia 21, co conseguinte dano a súa influencia social e política.

g) Menoscabar a imaxe dos cargos públicos ou institucionais converxentes.

h) A actuación en contra dos acordos expresamente adoptados polos órganos de dirección do partido.

2. As sancións para as faltas graves serán algunha ou algunhas das seguintes:

a) Suspensión temporal do cargo de elección que ostente o/a afiliado/a dentro do partido, durante mais de 2 meses e ata 18 meses.

b) Cese do cargo de elección que ostente a persoa afiliada dentro do partido, durante 2 meses e ata 18 meses.

c) Suspensión dos dereitos de afiliación no grado que se determine.

Artigo 71º.

1. Son **faltas leves** as seguintes:

a) A ausencia de asistencia a unha xunta dos órganos de dirección do partido sen causa xustificada.

b) Alterar a orde das xuntas.

c) O insulto persoal a outra persoa afiliada, tendo en conta as circunstancias do lugar, natureza e ocasión na que se produzan, e sempre que no revistan gravidade.

2. As sancións para as faltas leves serán algunha ou algunhas das seguintes:

a) Amonestación verbal ou escrita.

b) Expulsión da xunta.

Capítulo III. Expediente informativo.

Artigo 72º. Expediente informativo.

1. Con anterioridade á iniciación do expediente disciplinario, a comisión executiva permanente da Executiva Nacional poderá abrir un expediente informativo co fin de determinar si concorren as circunstancias que xustifiquen a súa incoación.

2. Se nomeará un instrutor co fin de recabar toda a información respecto aos fechos acaecidos. Si o procedemento se inicia mediante denuncia, o instrutor encargado da información reservada poderá realizar as funcións de mediador co fin de que as partes se aveñan a un arranxo. No suposto que no houbera arranxo, ou unha vez presentadas as probas oportunas, o instrutor porá en coñecemento da comisión executiva permanente tódalas actuacións realizadas, e adoptará a decisión de incoar ou expediente disciplinario o archivar a causa.

Capítulo IV. Das medidas cautelares e expulsión provisional.

Artigo 73º. Expulsión sumaria.

1. Caberá a expulsión do partido acordada pola comisión permanente da Executiva Nacional cando se produzan os seguintes supostos:

a) A integración oficial dun afiliado na lista electoral de outro partido sen autorización dos órganos competentes.

b) Subscrición ou apoio de moción de censura con outro partido ou coalición a iniciativa propia, contra alcaldes ou alcaldesas ou outros cargos electos nas listas de Convergencia 21.

c) Subscrición ou apoio de moción de censura en contra dun acordo expresamente adoptado polos órganos directivos do partido.

2. O plenario da Executiva Nacional adoptará a medida de ratificar, rexeitar ou modificar a decisión tomada pola comisión permanente na seguinte reunión que celebre, aínda cando no figure en el orde del día. No caso de ratificar tal medida, acordará así mesmo a incoación do correspondente expediente disciplinario.

Artigo 74º. Da suspensión cautelar da afiliación.

1. A comisión permanente da Executiva Nacional pode suspender cautelarmente da afiliación aos/as integrantes sometidos/as a expediente ou que foran denunciados/as por un órgano do partido en calquera momento del procedemento, ben de oficio o a instancia del órgano instructor.

2. O caso de suspensión previa, se deduciría da sanción, o tempo transcorrido dende a aplicación da interrupción de dereitos.

3. A suspensión de afiliación deixa sen efecto os dereitos aos que fan referencia o artigo 7 e dos deberes contemplados no artigo 8 dos presentes estatutos.

Capítulo IV. Finalización do período de sanción.

Artigo 75º. Da finalización da sanción.

Unha vez cumprida a sanción, o comité disciplinario da Executiva Nacional procederá automaticamente a rehabilitar nos seus dereitos ao/a afiliado/a na agrupación que militaba no momento da suspensión, informando ao/a afiliado/a e o/a Presidente/a correspondente.

Artigo 76º. Do reingreso dos expulsados.

1. As persoas que foran sancionadas ca expulsión e desexaran reingresar ao partido, poderán solicitalo á Executiva Nacional ou ao Comité Local correspondente, que, en todo caso, elaborará un informe favorable ou non ao reingreso que será enviado á Executiva Nacional, que no prazo de 60 días ditará a definitiva resolución.

2. Os antigos afiliados e afiliadas que foran baixa voluntaria poderán regresar ao partido mediante unha nova solicitude de afiliación conservándose a antigüidade da súa primeira afiliación.

Capítulo V. Das baixas forzosas.

Artigo 77º. Da baixa forzosa.

Cando a baixa sexa motivada polo cumprimento dunha obrigaón que supoña incompatibilidade legal de afiliación nun partido político, el afectado poderá causar alta automática cando desaparezan esas causas mantendo a antigüidade da primeira afiliación.

Capítulo VI. Inicio e instrución do procedemento disciplinario.

Artigo 78º. Inicio e instrución.

1. A comisión disciplinaria da Executiva Nacional e o órgano competente para incoar aos expedientes de oficio por petición razoada, e poderá incoar un expediente cando se produzan fitos constitutivos de infracción.

2. El acordo de iniciación terá como contido mínimo:

- Identificación da persoa o persoas responsables.

- Os feitos sucintamente expostos que motivan a incoación do procedemento e a súa cualificación provisional con expresión da norma presuntamente infrinxida.

- O nomeamento do instrutor e, no seu caso, secretario do procedemento.

Dentro do prazo de 8 días, o órgano competente notificará (mediante procedemento verificable) o acordo de iniciación ao presunto responsable e no seu caso, ao denunciante.

3. Unha vez designado o instrutor e o secretario do expediente disciplinario, porase en contacto co expedientado trasladándolle o seu nomeamento e informándolle das causas de apertura do expediente.

Nesa notificación farase constar o seu dereito a indicar o medio de proba dos que o expedientado pretenda valerse na súa defensa, proposta que deberá facer chegar por escrito ao instrutor.

4. O instrutor aceptará os medios de proba propostos pola persoa expedientada, sen prexuízo da súa impugnación nun ulterior recurso.

5. Os feitos relevantes para o procedemento poderán acreditarse por calquera medio de proba que acorde o instrutor ou que os interesados propoñan para a resolución do expediente.

6. Los interesados poderán propor a práctica das probas que consideren necesarias para a resolución do expediente.

7. A vista das actuacións practicadas, o instrutor propondrá o sobreseimento ou formulará o correspondente prego de cargos.

Artigo 79º. Do prego de cargos.

1. O prego de cargos será notificado ao interesado para que en 15 días naturais manifieste cantas alegacións considere convenientes na defensa dos seus dereitos.

2. Transcorrido o prazo sinalado no apartado anterior, o/a instrutor/a elevará a proposta de resolución ao comité disciplinario da Executiva Nacional para resolver, xunto a tódalas actuacións que obren no expediente.

3. O comité disciplinario da Executiva Nacional poderá reclamar os novos informes que considere oportunos e que non figuren no expediente.

4. O comité disciplinario da Executiva Nacional despois do estudo do expediente e nun prazo máximo de 20 días acordará:

a) A ratificación da sanción proposta.

b) A imposición dunha sanción inferior en grado á sanción proposta.

c) El sobreseimento do expediente e o arquivo das actuacións.

Artigo 80º. Da tramitación dos expedientes por falta leve.

Nos supostos de faltas leves, o órgano que inicie o expediente poderá acordar que se instrua por procedemento abreviado, no que quedarán reducidos a metade os prazos sinalados nos artigos anteriores.

Artigo 81º. Da tramitación dos expedientes por expulsión sumaria.

Cando en virtude do disposto nos presentes estatutos se proceda á expulsión sumaria dun/una afiliado/a, o expediente disciplinario previsto

nos artigos anteriores se comunicará ao interesado, xunto ca designación do instrutor no prazo de 10 días dende a comunicación da expulsión sumaria.

Artigo 82º. Da eficacia das sanciones.

A sanción imposta a un/unha afiliado/a comezará a cumprirse a partir do instante da adopción da resolución ditada no expediente.

Artigo 83º. Dos recursos do partido.

1. As resolucións sancionadoras da comisión disciplinaria da Executiva Nacional poderán recorrerse diante do plenario da Executiva Nacional en prazo de 15 días naturis dende a notificación, mediante escrito dirixido ao pleno, que deberá resolvelo no prazo máximo de 60 días dende a súa remisión.

2. En ningún caso, tal recurso suporá a suspensión da execución da resolución sancionadora.

Título VI. Do réxime económico e administrativo.

Artigo 84º. Sobre o Réxime Patrimonial. Convergencia 21 non dispón de patrimonio fundacional. Os seus recursos económicos proveñen de:

- Os diferentes tipos de cotas ordinarias da afiliación. As cotas son fixadas pola Executiva Nacional.
- As cotas extraordinarias que acorde a Executiva Nacional para atender gastos extraordinarios.
- Os subsidios, legados e doazóns que legalmente se puideran producir a favor de Convergencia 21.
- Polas subvenciones derivadas da aportación das Administracións Públicas ao Partido.

Artigo 85º. Sobre a Administración e Contratación. A Executiva Nacional informará anualmente a os/as afiliados/as de Convergencia 21 da situación económico-financeira do partido e das contratacións levadas a cabo. En este aspecto:

- a) A xestión económica de Convergencia 21 se guiará por criterios de transparencia e faranse públicas as súas contas.
- b) Os exercicios económicos terán a duración dun ano natural e se cerrarán ao 31 de decembre.
- c) O presuposto anual será aprobado pola Executiva Nacional.
- d) O partido elaborará un protocolo interno de contratación, de adquisición de bens e servizos, realizándose ditas contratacións de acordo cos principios de publicidade, concorrência e transparencia, excluindo a aquelas empresas condenadas por conductas reprobables civilmente ou procesadas por delito doloso.
- e) Se atenderá á contratación en función do criterio da oferta mais favorable (calidade, prezo, estética, valor técnico ou estratéxico).
- f) A Mesa supervisora da Contratación será a Executiva Nacional.

Título VII. Coalición, federación, fusión e disolución

Artigo 86º. As coalicións electorais con outras forzas de ámbito autonómico, estatal ou europeo serán aprobadas pola Executiva Nacional por maioría absoluta.

Artigo 87º. A federación ou fusión de Convergencia 21 con outra forza política exixirá o voto favorable das tres quintas partes dos delegados dun congreso extraordinario que sería convocado con tal fin pola Executiva Nacional.

Artigo 88º. A disolución do partido so pode ser acordada en congreso extraordinario con voto favorable de 2/3 dos delegados. En caso afirmativo, o congreso adoptará as decisións relativas á liquidación de bens, dereitos ou calquera asunto pendente.

Título VIII. Do réxime documental.

Artigo 89º. Será obrigatorio para cada un dos órganos de Convergencia 21 manter un réxime documental que comprenderá os libros de rexistro de afiliados/as, de actas, de inventarios e de contabilidade.

Disposicións Finais.

- 1) Os presentes Estatutos entrarán en vigor no momento exacto da súa aprobación polo Pleno do VI Congreso Nacional.
- 2) Pola presente, o VI Congreso Nacional de Convergencia 21 (C21) faculta á membresía da Executiva Nacional a elevar a público e para inscribir no rexistro de Partidos Políticos do Ministerio do Interior estes estatutos.
- 3) O VI Congreso Nacional autoriza á Executiva Nacional a elaborar e aprobar os Regulamentos necesarios para o desenrolo destes estatutos.